

SERVIZO DE
FESTAS

CONCELLERÍA
DE
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTAS

CONCELLO
DE VIGO



Asunto: CONVOCATORIA PÚBLICA DE PROPOSTAS DE ACTUACIONES ARTÍSTICAS OU ESPECTÁCULOS PARA O PROGRAMA ANUAL DE “VIGO EN FESTAS ”

Expediente 9650/335

INFORME

Os municipios teñen competencia para promover e realizar actividades culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

No concello de Vigo, o servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, é o que ten encomendado entre as súas funcións, o deseño, contratación, desenvolvemento e seguimento do programa anual de Vigo en Festas. Este programa abarca as seguintes festas:

- 1) Actividades de entroido
- 2) Actividades e espectáculos por barrios, parroquias, centro da cidade e praias durante todo o ano.
- 3) Verbenas e galas todo o ano
- 4) Concertos musicais de Castrelos en verán
- 5) Semana da música Clásica e Jazz na Praza de Compostela en verán
- 6) Actividades socioculturais de Outono
- 7) Actividades de nadal

Para seleccionar as actividades que conformarán o programa, garantindo que a programación no seu conxunto dea como resultado unha oferta atractiva e de interese para a cidadanía en xeral, é preciso solicitar propostas artísticas das empresas promotoras e organizadoras de espectáculos. Deste xeito, facilítase que todas as empresas do sector poidan presentar propostas e optar a celebración dos posteriores contratos para a concreta actuación artística de que se trate.

Segundo a doutrina consultiva, os contratos de servizos que teñan por obxecto a interpretación artística e literaria e os de espectáculos considéranse contratos privados (informe JCCA 129/2018, de 21 de outubro de 2019). Poderán tramitarse a través de contratos negociados sen publicidade se concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a.2ª da LCSP “*Cuando ... los servicios solo puedan ser encomendados a un empresario determinado, por alguna de las siguientes razones: que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte única no integrante del Patrimonio Histórico español o actuación artística única; que no exista competencia por razones técnicas; o que proceda la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industria*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/02/2023 12:01	Páxina 1 de 4
9650-335	CSV: A1AAB2-D45B89-E7C1C6-15VSJ6-CDMJ11-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS

CONCELLO DE VIGO



A realización dunha previa convocatoria pública garantiría, tanto a transparencia na elaboración do programa de cada festa como a concorrencia dos potenciais licitadores, e se evita que a titularidade dos dereitos de exclusiva que permite utilizar o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación dos artistas, en aplicación do previsto no artigo 168 a.2ª da LCSP, sexa xerada artificialmente pola Administración, tal e como proscribe a Directiva 2014/24/UE no seu considerando 50.

As actividades poderán consistir en:

- Actuacións artísticas, nacionais ou internacionais, musicais, de danza, teatro, circo, maxia ou outras artes escénicas.
- Espectáculos adicados ao público infantil e familiar de especial relevancia artística.

As propostas terán que reunir os seguintes requisitos:

- Que sexan de interese xeral e dean cobertura a unha maior diversidade de público obxectivo posible, atendendo a algunha seguintes tipoloxías:
 - Concertos de rock (nacional ou internacional).
 - Concertos de pop nacional ou internacional para todos os públicos.
 - Concertos de música "Indie" (nacional o internacional) para público xove.
 - Concertos de música tradicional ou folk.
 - Concertos de música clásica e jazz
 - Concertos ou espectáculos destinados ao público xove (nacionais o internacionais).
 - Concertos destinados ao público familiar, nacionais ou internacionais.
 - Concertos de masas corais.
 - Espectáculos diversos para todos os públicos,
 - Espectáculos ou concertos destinados ao público infantil e familiar.
- Os espectáculos propostos para o Auditorio de Castrelos deberán ter unha expectativa de asistencia de público mínima de dez mil persoas.
- Deberá concretar as datas das actuacións propostas e a dispoñibilidade do/a/s artista/s. As datas serán compatibles co calendario das actividades programadas.
- Tanto os artistas como os seus representantes e os promotores dos eventos terán que aceptar:
 - No caso dos espectáculos que teñan lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos: as características especiais da venda de entradas na platea (5.000 entradas a prezos populares) e que existe unha grada de acceso libre e gratuito.
 - No caso dos espectáculos que teñen lugar na rúa, que o acceso será libre.
- As condicións técnicas ("riders") dos espectáculos deberán adaptarse aos posibles escenarios: o auditorio de Castrelos ou a rúa.
- As produtoras ou promotoras deberán acreditar cando se lles requira ser titulares dos dereitos de exclusividade da actuación do artista en Vigo na data proposta e comprometerse a non programar o mesmo espectáculo nun radio de 35 kilómetros.



SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS

CONCELLO DE VIGO



- f) Os espectáculos non poderán supoñer ningún risco para o público asistente. Evitaranse aqueles que propoñan pirotecnia ou montaxes complexas que poda afectar a seguridade do público.
- g) As propostas deberán conter o prezo final que inclúa o caché do artista, o rider, o catering e hospitalidade.

O prazo para a presentación de propostas será o seguinte:

- a) Actividades de entroido: ata o 15 de xaneiro
- b) Actividades e espectáculos por barrios, parroquias, centro da cidade e praias: todo o ano
- c) Verbenas e galas: todo o ano
- d) Concertos musicais de Castrelos: ata o 28 febreiro
- e) Semana da música Clásica e Jazz na Praza de Compostela: ata o 28 de febreiro
- f) Actividades socioculturais de Outono: ata o 15 de setembro
- g) Actividades de nadal: ata o 15 de outubro

As propostas serán presentadas unicamente a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo. Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas para cada festa, reunirse a Comisión de Festas para a súa valoración. A citada comisión está composta polos seguintes membros:

- Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas
- Xefatura do Servizo de Festas

A Comisión contará co asesoramento dos adxudicatarios de contrato da prestación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos organizados polo Concello de Vigo, expte. nº 9191/335.

Os **criterios de valoración** das propostas serán os seguintes:

- 1) **Traxectoria artística do artista proposto:** valorarase con ata **30 puntos**
- 2) **Acollida e/ou aceptación polo público:** valorarase con ata **20 puntos**

Para valorar este criterio terase en conta o número de seguidores en redes sociais e reproducións das súas cancións en plataformas musicais e medios de comunicación.

- 3) **Adecuación da oferta económica ao presuposto de programa:** valorarase con ata **20 puntos**

É preciso garantir que o programa de cada unha das festas inclúa actuacións para todos os públicos polo que valorarase que no conxunto do programa o importe proposta facilite o equilibrio de actuacións de cada unha das categorías de público: infantil e familiar, adulto e interxeneracional.

- 4) **Singularidade do espectáculo:** valorarase con ata **10 puntos**
Valorarase que os espectáculos se adecúen aos recintos onde se vai desenvolver o mesmo, que propoñan un formato ou un temática novedosa, que resulte atractiva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/02/2023 12:01	Páxina 3 de 4
9650-335	CSV: A1AAB2-D45B89-E7C1C6-15VSJ6-CDMJ11-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO DE
FESTAS**

**CONCELLERÍA
DE
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTAS**

**CONCELLO
DE VIGO**



5) Adecuación a algunha das categorías de público fixadas (infantil e familiar, adulto e interxeneracional): valorarase con ata **10 puntos**

É preciso garantir que o programa de cada unha das festas inclúa actuacións para todos os públicos polo que valorarase que no conxunto do programa a proposta facilite o equilibrio de actuacións en cada un das categorías de público: infantil e familiar, adulto e interxeneracional.

6) Adecuación á temática do programa de Festas: valorarase con ata **10 puntos**

Rematado o prazo de presentación de propostas para cada festa, reunirse a comisión, que procederá a valoración das propostas, de acordo cos citados criterios. Unha vez valoradas as propostas consonte aos criterios anteriores, clasificaranse por orde descendente de puntuación en todas ou algunha das seguintes categorías, segundo a festa de que se trate, para garantir que o programa se adecúe a todos os públicos:

- Público infantil e familiar
- Público adulto:
 - Ata 25 anos
 - Entre 26 e 50 anos
 - Máis de 50 anos
- Interxeneracional

Do actuado deixarase constancia nun acta, que será publicada no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Clasificadas as propostas, confeccionarase polo servizo de Festas o programa correspondente a cada unha das festas, seleccionando as actuacións en función da orde de clasificación. Para a súa posterior contratación, tramitaranse os correspondentes expedientes administrativos polo procedemento negociado sen publicidade por razón de exclusividade artística, ou aquel outro que proceda en cada caso.

Á vista do exposto, procedería publicar no Perfil do contratante unha convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o programa anual de "VIGO EN FESTAS", indicando os prazos para a presentación de propostas, os criterios para a selección das mesmas e o procedemento que se seguirá para a súa valoración.

A Xefa do Servizo de Festas, M. Cristina Chao Polo

A Xefa do Servizo de Contratación, Beatriz Barbará Rodríguez

CONFORME,

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas
Pablo L. Estévez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/02/2023 12:01	Páxina 4 de 4
9650-335	CSV: A1AAB2-D45B89-E7C1C6-15VSJ6-CDMJ11-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		